



## COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE MARZO DE 2021

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 5 de febreiro de 2021.
2. A seguinte asignación do orzamento correspondente ás axudas do Consello Social para o desenvolvemento de prácticas do alumnado durante o ano 2021:
  - A) Cubrir, ata onde sexa posible, os gastos de desprazamento do alumnado que realizou as prácticas fóra do Concello de Ourense e, no seu caso, os gastos de desprazamento e estancia do alumnado que realizará unha visita de estudos prácticos durante unha semana na Audiencia Nacional.
  - B) 500€ como máximo para as seguintes actividades -co límite de 350€ para o pago de cada relatorio-:
    - Taller práctico sobre a realización de autopsias e a importancia da medicina legal e o traballo dos forenses na práctica xudicial (impartido por D. Fernando Serrulla Rech, responsable da Unidade de Antropoloxía forense –IMELGA).
    - Taller de mediación familiar (impartido pola Prof. Dra. Mercedes Llorente Sánchez-Arjona, Titular de Dereito procesual da Universidade de Sevilla).
    - Taller práctico sobre a utilización dos medios electrónicos nas sociedades de capital: problemas e paradoxas (impartido pola Prof. Dra. Josefina Boquera Matarredona, Catedrática de Dereito mercantil da Universidade de Valencia).
  - C) O orzamento restante asignarase ás actividades previstas para fomentar a realización de prácticas externas, emprego e saídas profesionais no ámbito xurídico.
3. Incluír dentro da programación de Extensión universitaria do centro as seguintes actividades, para as que se reservarán 800€ do orzamento correspondente:

“Curso de Actualización Xurídica 2020-2021”

Relatorio: “Valoración do nexos de causalidade médico legal”

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 26 de marzo de 2021, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios na mesma data.

A Secretaría da Facultade de Dereito  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup>As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. [sdefdo@uvigo.es](mailto:sdefdo@uvigo.es)